

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 6 DE AGOSTO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se dispón que cese Ulpiano Villanueva Rodríguez como director da Axencia Tributaria de Galicia.
- Decreto polo que se nomea directora da Axencia Tributaria de Galicia a Victoria González Vázquez.

ACORDOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Acordo polo que se recoñece a condición de comunidade galega a varias entidades galegas asentadas fóra de Galicia.
- Acordo polo que se aproba o II Plan Tecnolóxico da Administración de Xustiza en Galicia. Senda 2020.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo á contratación da construción dunha planta de clasificación de materiais contidos nos residuos urbanos e a súa operación, mantemento e limpeza, modificación da actual planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible para a clasificación de materiais e a súa operación de mantemento e limpeza – SOGAMA - 335.086.802,92 sen IVE.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, o Instituto Galego de Promoción Económica e a Asociación de Investigación Metalúrgica del Noroeste (AIMEN) para o desenvolvemento dun proxecto dinamizador da capacidade innovadora do sector naval galego – Shipbuilding 4.0, por importe de dous millóns trinta e sete mil catrocentos corenta e catro euros (2.037.444,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia (ATIGA) para fomentar a transferencia e a internacionalización da I + D + i desenvolvida en Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) para o intercambio de información asociada á xestión da investigación e a innovación no sistema universitario galego, por un importe total de trescentos mil euros (300.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Univ. do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de cincuenta e oito mil catrocentos sesenta e dous euros con cincuenta e seis céntimos (58.462,56 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o adianto en 2015 do 25% da devolución da paga extraordinaria de decembro de 2012 aos empregados públicos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre as obras de execución da nova ponte sobre o río Miño nos Peares.

O CONSELLO APROBA O REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSELLO DE COMUNIDADES GALEGAS, QUE REPRESENTA UN MILLÓN DE GALEGOS RESIDENTES FÓRA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

- *O Goberno galego aprobou, en aplicación da nova Lei de galegidade, o recoñecemento de 6 comunidades galegas que forman parte das 156 entidades inscritas no rexistro correspondente, das cales 108 pertencen á tipoloxía de 'comunidades galegas'*
- *Estas actualizacións permiten profundar nunha mellor relación cos galegos do exterior, tanto para facilitar a súa participación na vida de Galicia, como para que Galicia poda aproveitar a potencialidade dos seus cidadáns residentes no exterior*

O Consello da Xunta vén de acordar o decreto polo que se regula o funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, órgano que representa os 500.000 galegos e galegas residentes fóra de España e a un número similar de residentes noutras comunidades autónomas.

O decreto hoxe aprobado polo Executivo galego fai efectiva e aumenta a participación activa das comunidades galegas desenvolvendo así o mandato do Estatuto de Galicia, que no seu artigo 7 recoñece ás comunidades galegas asentadas fóra do territorio "o dereito a colaboraren e compartiren a vida social e cultural do pobo galego mediante o recoñecemento da súa galegidade, cuxo alcance e contido será regulado por lei do Parlamento".

Do Consello de Comunidades Galegas forman parte toda as comunidades galegas legalmente recoñecidas no mundo. Entre plenarios (que se celebran cada tres anos), está representado pola Comisión Delegada, que está formada por doce membros elixidos democraticamente, catro en representación de cada área xeográfica determinada: resto de España, resto de Europa, e América. O próximo plenario, que se celebrará nos vindeiros meses, entre outras misións, renovará este órgano.

Novidades

Entre outras novidades, refórzase o carácter representativo da Comisión Delegada, e achéganse os órganos de representación da diáspora á súa realidade actual. Isto conséguese pola actualización dos baremos de representación destas comunidades e a forma de elección dos seus representantes, facendo estes baremos máis próximos á realidade destas comunidades mediante a introdución do voto ponderado.

Outras novidades do texto hoxe aprobado é que regula como se desenvolven as sesións, comunicacións e relatorios durante os plenarios; protocoliza os procedementos de votación para elixir os membros da Comisión Delegada (ata o de agora non existía regulamento por escrito); establece que as comunidades galegas elaboren informes e

consultas previos á aprobación polo Consello de Goberno da Xunta de Galicia do recoñecemento da galegitude ás entidades galegas asentadas fóra de Galicia; e describe outros aspectos organizativos internos, como quen, cando e como, e en que prazos debe convocar os órganos de representación.

Cómpre salientar que o decreto respecta e asume, nos aspectos que regula, as demandas dos propios representantes da diáspora.

Rexistro de comunidades

A reunión do Executivo galego decidiu tamén para dar o visto e prace ás comunidades galegas recoñecidas oficialmente que se incorporan ao Rexistro da Galegitude, proceso sempre aberto e permanentemente revisable, segundo se establece na Lei que a regula. O Rexistro establece diferentes tipoloxías e recoñece de oficio a cada entidade a tipoloxía que tiña previamente á entrada en vigor da nova Lei de galegitude, agás no caso de que solicitase unha revisión ou que se vise afectada por un proceso de unión.

Así, dentro da primeira tipoloxía, a de 'comunidade galega', recoñécense a '*Sociedad La Aurora de Somozas*' da Habana (Cuba) e a '*Asociación Cultural As Xeitosiñas*' de Zürich (Suíza). Estas entidades non son novas -atesouran máis de 100 e máis de 30 anos, respectivamente- pero segundo a anterior lexislación entraban noutra tipoloxía.

Ademais, incorpóranse ao Rexistro outras catro comunidades, que son froito de respectivos procesos de unión: o *Centro Galego de Nuremberg* (Alemaña), a *Asociación Centro Galego e Casas de Galicia de Barcelona e Provincia* (Barcelona), a *Xuntanza de Asociacións Galegas en Cataluña*, e a *Unión de Asociacións Galegas en Catalunya*.

Na data actual existen en todo o mundo 156 entidades con recoñecemento no Rexistro da Galegitude, das cales 108 son comunidades galegas.

A XUNTA NOMEA DIRECTORA DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA A VICTORIA GONZÁLEZ VÁZQUEZ**▪ *Substitúe no cargo a Ulpiano Villanueva***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Victoria González Vázquez como directora da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) en substitución de Ulpiano Villanueva. Ata o momento, Victoria González era xefa da Área de Colaboración Social, Información e Asistencia na ATRIGA.

Victoria González Vázquez licenciouse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 1997. Pertence dende o ano 2001 á Escala Técnica de Finanzas da Xunta de Galicia, e dende o 2009, á Escala Superior de Finanzas.

Na súa traxectoria desempeñou, entre outros cargos, o de xefa da Sección de Información ao contribuínte na Delegación da Consellería de Economía e Facenda en Pontevedra; xefa da Sección de Recursos e Procedementos Executivos na Dirección Xeral de Tributos; xefa do Servizo de Asesoramento Tributario na mesma dirección; ou o de xefa do Departamento de Auditoría e Calidade na Axencia Tributaria de Galicia.

Victoria González Vázquez substitúe no cargo a Ulpiano Villanueva, que ocupou o posto de director da ATRIGA dende a creación deste organismo, que comezou a funcionar en xaneiro de 2013.

É unha das medidas previstas na liña de Valorización da Administración da Axenda Dixital de Galicia 2020

O NOVO PLAN SENDA 2020 FARÁ EFECTIVA A IMPLANTACIÓN DO EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO NO 100% DAS SEDES XUDICIAIS

- *A finais de ano entrará en funcionamento unha primeira fase da sede xudicial electrónica, o visor do expediente xudicial e o sistema de xestión de arquivos físicos e pezas de convicción*
- *Establece as medidas para que en 2020 o 50% dos expedientes da Administración de Xustiza en Galicia sexan completamente dixitais e que o 40% das demandas dos cidadáns se presenten a través da sede xudicial electrónica*
- *O II Plan tecnolóxico do actual Goberno galego busca acadar unha xustiza máis transparente, personalizada, máis eficiente grazas a unha xestión electrónica segura e interoperable*
- *Conta cun investimento previsto de máis de 26 millóns de euros para os próximos cinco anos*

O Plan Senda 2020 establece as medidas para que a Administración de Xustiza en Galicia poida afrontar os retos derivados da implantación do novo modelo organizativo xudicial e do expediente xudicial electrónico. O II Plan tecnolóxico da Administración da Xustiza en Galicia, aprobado hoxe no Consello da Xunta, busca acadar unha xustiza máis próxima e transparente, máis eficiente grazas á xestión electrónica e segura.

Un dos obxectivos estratéxicos do plan é a implantación efectiva do expediente xudicial electrónico (EXE). Xa neste ano poranse en marcha tres pezas chave do EXE, a sede xudicial electrónica, o visor do expediente xudicial e o sistema de xestión de arquivos físicos e pezas de convicción.

O plan está elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), en coordinación coa Vicepresidencia da Xunta, e enmarcado na Axenda Dixital de Galicia 2020. Conta cun investimento previsto de 26,6 millóns de euros para os próximos cinco anos, que se suman aos máis de 23 investidos desde 2009 no primeiro Plan Senda. Os avances conseguidos nestes anos permiten abordar as medidas previstas nos catro eixos que determina o novo plan.

Unha xustiza centrada nas persoas, nos cidadáns e nos profesionais

O esforzos desta nova folla de ruta orientase a lograr unha asistencia máis personalizada, garantindo a atención nas linguas oficiais e potenciando a relación dixital dos cidadáns e dos profesionais coa Administración de Xustiza. A finais de ano porase en marcha a sede xudicial electrónica, que nunha primeira fase permitirá a presentación de procedementos monitorios.

O obxectivo é que a sede se consolide como canle única para todas as actuacións, procedementos e servizos dixitais do ámbito xudicial: a presentación telemática de escritos, a validación de documentos, taboleiro de edictos, notificacións electrónicas, poxas xudiciais ou o acceso seguro aos expedientes dos procesos xudiciais en que se é parte. O plan prevé que en cinco anos o 40% das demandas interpostas directamente polos cidadáns se presenten a través da sede xudicial electrónica

O acceso á sede estará dispoñible no portal eXustiza, que ampliará os seus servizos e contidos para converterse na porta de acceso de cidadáns e profesionais á Administración de Xustiza en Galicia.

O plan impulsará, ademais, novos modelos de comunicación e acceso á información, reforzando os medios tecnolóxicos das oficinas de atención aos cidadáns e ás vítimas.

Os máis de 3.300 empregados da Administración da Xustiza son os outros destinatarios do plan, que prevé a creación do posto de traballo dixital, cun conxunto de solucións adaptadas a cada perfil que permitan o acceso seguro á información en calquera momento, incluso fóra da rede corporativa e a través do uso de solucións en mobilidade. Ademais, Lexnet consolidarase como a canle de comunicación entre todos os profesionais do eido xudicial

Potenciarase a capacitación regrada, así como a través das contornas de compartición de coñecemento e o traballo colaborativo de xeito que sexa posible mellorar a calidade do traballo individual a través do coñecemento colectivo.

Xestión eficiente da actividade xudicial

Un dos obxectivos estratéxicos do Plan Senda 2020 é lograr a implantación efectiva do expediente xudicial electrónico (EXE), que permitirá a tramitación completa dun procedemento por medios telemáticos, nun marco de interoperabilidade con outras entidades do ámbito xudicial.

Este ano poranse en marcha tres pezas chave do EXE, a sede xudicial Electrónica, o visor do expediente xudicial electrónico e o sistema de xestión de arquivos físicos e pezas de convicción. O visor permitirá a consulta dos expedientes dende dispositivos electrónicos e en función dos usuarios e das súas competencias.

O sistema de xestión de arquivos físicos e pezas de convicción permitirá a localización de calquera expediente en papel en calquera sede xudicial, así como a identificación e xestión dos bens incautados nun procedemento xudicial, facilitando aos cidadáns os servizos para que poidan identificar estes bens e tramitar a súa devolución.

O Plan Senda 2020 recolle tamén a evolución dos sistemas de xestión da actividade xudicial (sistemas para a xestión procesual, fiscalía, Imelga, asistencia xurídica gratuíta) para adaptar as súas funcionalidades ao novo contexto dixital.

Infraestrutura tecnolóxica e medios TIC

A implantación do expediente xudicial electrónico require da dotación das infraestruturas tecnolóxicas adecuadas.

As primeiras medidas que se adoptarán neste ámbito son, por tanto, a dotación de medios para adecuación das salas de vista e oficinas xudiciais ao uso do expediente xudicial electrónico. En 2020 o 100% das salas de vistas contarán co equipamento necesario para acceder ao expediente xudicial electrónico.

Así mesmo, investirase na universalización da videoconferencia como medio para mellorar as comunicación e eliminar a totalidade de desprazamentos innecesarios dos distintos axentes que participan nun procedemento xudicial.

Ademais, completarse o proceso de centralización da información xudicial e das solucións da administración de Xustiza no Centro de Datos Integral (CPDi) de Galicia que comezou durante o plan Senda 2014, o que reporta importantes vantaxes de seguridade, dispoñibilidade dos servizos, eficiencia enerxética, escalabilidade e flexibilidade.

Instrumentos facilitadores do cambio

O desenvolvemento do plan apoia nunha serie de instrumentos de transformación que acompañan de inicio a fin cada iniciativa que se poña en marcha.

A totalidade de proxectos serán coordinados desde un único punto e aliñados en todo momento coa misión e valores do plan, establecendo os plans de traballo precisos para garantir a calidade dos resultados e o desenvolvemento normativo necesario.

A implantación de cada solución irá acompañada da capacitación e o soporte especializado aos usuarios.

A XUNTA ACHEGA AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE 2,32 MILLÓNS DE EUROS

- ***A Administración galega cumpre co compromiso de contribuír ao sostemento dos servizos derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das institucións autonómicas, como establece a Lei 4/2002***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e o Concello de Santiago de Compostela para o financiamento do estatuto de capitalidade desta cidade. O apoio económico da Xunta ao Concello de Santiago para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma ascende a 2.325.000 euros.

A Administración galega contribúe así ao sostemento dos servizos derivados da condición que ten atribuída Santiago de capitalidade de Galicia e sede das institucións autonómicas. A cantidade asignada en 2015 é un 1,2% superior á do ano anterior.

O 24 de xullo de 2002 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma. Establécense así os mecanismos adecuados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade.

Neste marco, realizarase unha xustificación do financiamento que consistirá na certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control interno no Concello de Santiago, da toma de razón en contabilidade dos libramentos feitos pola Comunidade Autónoma de que os referidos importes derivan do establecido na Lei 4/2002, e de que estes foron destinados a financiar os gastos do Concello xurdidos como consecuencia de ser a capital de Galicia.

Deste xeito, e co obxectivo de establecer unha coordinación entre a Administración autonómica galega e o Concello de Santiago no referido ás competencias e responsabilidade derivadas da capitalidade, creouse o Consello da Capitalidade.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas derivou na necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, así como coa implantación de dotacións e equipamentos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma co que se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e gastos do Concello motivados por este estatuto de capitalidade.

A XUNTA APROBA A AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE SOGAMA PARA INCREMENTAR UN 36% A CAPACIDADE DE TRATAMENTO DE RESIDUOS E REDUCIR NUN TERZO O ENVÍO DE LIXO A VERTEDOIRO

- *O Consello da Xunta autoriza a licitación da construción dunha nova planta de recuperación de envases do lixo en masa e de remodelación da actual planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible*
- *O contrato, cun orzamento de 335 millóns de euros, inclúe a operación, mantemento e limpeza de ambas as plantas durante un período de 15 anos, coa previsión de que as novas instalacións entren en servizo en 2017*
- *Coa ampliación, a compañía incrementará os residuos que trata no seu complexo industrial, pasando das 550.000 toneladas anuais ás 750.000, e enviará a vertedoiro unicamente a fracción de lixo non reutilizable nin valorizable nin reciclable*
- *O depósito de lixo no vertedoiro de Areosa xa se viu minorado ata a metade grazas aos programas de eficiencia*
- *As obras de ampliación permitirán incrementar notablemente a contribución de Sogama á reciclaxe de materiais, de acordo cos obxectivos do Plan autonómico de xestión de residuos urbanos 2010-2020*

Sogama ampliará as instalacións do complexo ambiental de Cerceda, co obxectivo de incrementar nun 36% a capacidade de tratamento de residuos e de reducir nun terzo o envío de lixo a vertedoiro. O Consello da Xunta autorizou a licitación do contrato para a construción dunha nova planta destinada á recuperación de envases do lixo en masa e de remodelación da actual planta de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible. O contrato, que terá un orzamento de 335.086.802,92 euros (máis o IVE), inclúe a operación, mantemento e limpeza de ambas as plantas durante un período de 15 anos, coa previsión de que as novas instalacións entren en servizo en 2017.

Esta actuación permitirá á Sociedade tratar correctamente máis refugallos no seu complexo industrial, pasando dunha capacidade actual de 550.000 toneladas anuais a 750.000 toneladas, o que se traduce nun incremento do 36,36 por cento. A pretensión última é que só se desvíe ao vertedoiro aquela parte do lixo que non poida ser reutilizada, reciclada ou valorizada, tanto material como enerxeticamente.

Cabe recordar que, grazas aos programas de eficiencia instaurados durante os últimos anos no complexo cercedense, o vertido xa fora reducido desde 2009 en preto dun 50 por cento, pasando das 354.683,42 toneladas ás 189.411 en 2014.

Non obstante, coas novas medidas, a empresa fará efectiva a xestión xerarquizada que promulga a Unión Europea e que dá comezo coa prevención e a redución, continuando

coa reutilización, a reciclaxe e a valorización (material e enerxética) da fracción non reciclable, relegando o vertedoiro a último lugar por constituír a opción menos desexable.

Coa ampliación das súas instalacións, Sogama sitúase na liña de cumprimento dos obxectivos do Plan autonómico de xestión de residuos urbanos definido para o período 2010-2020, e que establece como principais obxectivos, para o conxunto da comunidade, a redución, nun 10 por cento, da cantidade de lixo producido (cifra ata superada a día de hoxe, xa que foi diminuída en aproximadamente un 13 por cento), triplicar os niveis de reciclaxe, subindo do 12-13 por cento actual ao 30 por cento, e minimizar o vertido, baixando do 42 ao 24 por cento.

Alcance, importe e duración

Desta forma, o contrato, establecido para un período de 15 anos e cunha dotación orzamentaria de 335.086.802,92 euros (máis o IVE), prevé a construción dunha planta de recuperación dos envases (de plástico e papel/cartón) contidos na bolsa negra (residuo xenérico), que se sumarán á actual selección que a compañía realiza do aceiro, aluminio e vidro incorrectamente depositados polos cidadáns nesta fracción, incrementando así a cantidade de materiais que remite aos centros recicladores para que sexan convertidos en novos produtos.

Así mesmo, a contratación inclúe a remodelación da actual nave de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible, na cal se vén separando a parte do lixo convencional susceptible de ser reciclada, acondicionando co resto un combustible CDR que alimenta unha planta termoeléctrica para producir electricidade, así como a operación e mantemento de ambas as instalacións. A previsión é que a nova planta entre en operación no ano 2017.

En definitiva, a nova planta de recuperación dos envases contidos no lixo en masa constitúe unha ferramenta clave que permitirá a Sogama incrementar os seus niveis de reciclaxe e diminuír o depósito de refugallos en vertedoiro, última opción considerada na xestión xerarquizada de residuos que promulga a Unión Europea. A posta en marcha desta instalación enmárcase no plan galego de xestión de residuos urbanos 2010-2020 e, por suposto, no afán de mellora continua polo que ten apostado Sogama de cara a prestar un mellor servizo público aos 295 concellos adheridos ao seu modelo. Neste contexto, a súa filosofía empresarial pasa por promover o principio comunitario dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe), que complementa coa recuperación material e/ou enerxética da parte non reciclable, relegando o vertido a último lugar. O fin: unha Galicia máis sustentable".

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS AO IMPULSO DE TECNOLOXÍAS INNOVADORAS CARA AO NAVAL 4.0

- *A Consellería de Economía e Industria asina un acordo de colaboración con Aimen, coa participación de Aclunaga, o ITG, Navantia, os estaleiros privados e o Colexio de Enxeñeiros Navais, coa coordinación do CIS Galicia*
- *O convenio facilitará a cooperación de estaleiros e empresas auxiliares cos centros tecnolóxicos para desenvolver as tecnoloxías de fabricación da Industria 4.0, promovendo a modernización e diversificación do sector*
- *Realizaranse probas piloto para desenvolver e validar, en condicións e ámbitos produtivos reais, as novas tecnoloxías*
- *As melloras obtidas permitirán incrementar a competitividade das ofertas internacionais presentadas polos estaleiros, favorecendo a súa carga de traballo*
- *Promoverase o acceso das empresas ás liñas de financiamento do Programa Horizonte 2020, abrindo novas vías que permitan desenvolver e achegar ao mercado novas tecnoloxías*

A Xunta de Galicia ten na innovación un dos piares do crecemento e a mellora competitiva do tecido produtivo galego. Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou hoxe un convenio de colaboración da Consellería de Economía e Industria con Aimen co cal o Goberno galego destinará máis de 2 millóns de euros, no período 15-16, ao sector naval co obxectivo de impulsar o desenvolvemento de tecnoloxías innovadoras como centro do Naval 4.0.

O acordo, autorizado hoxe polo Consello da Xunta, contará coa participación de Aclunaga, o Instituto Tecnolóxico de Galicia - ITG, Navantia, os estaleiros privados e o Colexio de Enxeñeiros Navais, e estará coordinado polo CIS Galicia. Deste xeito, potenciarase a cooperación de empresas e centros tecnolóxicos para desenvolver tecnoloxías de fabricación da Industria 4.0, promovendo a modernización e a diversificación do sector cara a novos nichos de mercado.

Entre os principais obxectivos, xunto á optimización das tecnoloxías xa existentes, atópase a definición de novas tecnoloxías de fabricación avanzada ao menor custo posible, así como a realización de probas piloto que permitan desenvolver e validar, en condicións e ámbitos produtivos reais, as ditas tecnoloxías. Deste xeito, facilítase a transferencia tecnolóxica da innovación ao mercado, garantindo a súa adecuada implementación e incrementando a competitividade do naval galego.

A aplicación práctica destes avances facilitará a súa inclusión nas ofertas internacionais presentadas polos estaleiros galegos, mellorando a súa capacidade e favorecendo a carga de traballo. Neste contexto, cómpre salientar que o acordo permitirá promover o acceso das empresas ás liñas de financiamento do Programa

Horizonte 2020, abrindo novas vías de financiamento que permitan desenvolver e achegar ao mercado novas tecnoloxías.

Así mesmo, a participación do CIS Galicia dotará o sector dun espazo de referencia para levar a cabo todas estas actividades de demostración de solucións tecnolóxicas. O Centro canalizará as actuacións da Axencia Galega de Innovación no eido naval, prestando servizos a Navantia, aos pequenos e medianos estaleiros e ás auxiliares en ámbitos como a realidade virtual, co seu programa CAVE, ou a modelización, simulación e deseño 3D. Ademais, vixiará tanto as novas patentes que se poidan xerar como o desenvolvemento dos proxectos europeos que se acaden.

Este acordo supón un paso máis na aposta pola innovación no naval galego que está a promover a Xunta. Un compromiso que se impulsa a través de programas como o Innterconecta ou o Conecta Pemes, e coas unidades mixtas de innovación, iniciativas que suman de modo conxunto 28 millóns de euros en 22 proxectos relacionados co sector.

Así mesmo, o convenio encádrase no marco da Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0, coa que a Xunta aspira a modernizar a industria galega a través da innovación, establecendo novas fórmulas de produción que melloren a súa competitividade, e impulsando a fabricación de produtos diferenciados e de calidade. A Axenda ten unha clara orientación sectorial co obxectivo de reforzar sectores estratéxicos da economía galega como o naval, contribuíndo á súa diversificación e especialización, así como ao seu impulso internacional.

A XUNTA COLABORA CON ATIGA PARA IMPULSAR GRANDES PROXECTOS CONSORCIADOS DE INNOVACIÓN E CAPTAR FONDOS EUROPEOS

- *O Consello autoriza un convenio da Consellería de Economía e Industria coa Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia – ATIGA para promover a colaboración e a participación do tecido empresarial, especialmente das pemes, nos proxectos europeos*
- *O acordo, que suma un investimento conxunto próximo ao medio millón de euros, fomentará tamén a internacionalización do sistema galego de I+D+i e o emprendemento innovador, facilitando a transferencia de resultados ao mercado*
- *O Goberno galego ten destinado nos últimos anos máis de 80 millóns aos 6 centros tecnolóxicos que integran Atiga: Anfaco-Cecopesca, Aimen, CTAG, Gradient, Energylab e ITG*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un acordo de colaboración da Consellería de Economía e Industria coa Asociación de Centros Tecnolóxicos de Galicia, que persegue impulsar grandes proxectos consorciados entre os centros tecnolóxicos de Atiga, potenciando ao mesmo tempo a captación de fondos europeos, especialmente nas pemes.

Neste sentido, o convenio, que conta cun investimento próximo ao medio millón de euros dos cales o Goberno galego achega o 50%, fomentará a colaboración entre os 6 centros integrados na alianza –Anfaco-Cecopesca, Aimen, CTAG, Gradient, Energylab e ITG-, propiciando maiores oportunidades no mercado internacional e a participación conxunta no programa europeo Horizonte 2020 de cara a optimizar a captación de fondos destinados a iniciativas multisectoriais de alto impacto.

Así mesmo, entre os obxectivos do acordo figuran tamén o impulso de actuacións conxuntas encamiñadas a acadar unha maior internacionalización do sistema galego de I+D+i e a promoción do emprendemento innovador.

Deste xeito, o Goberno galego reforza o traballo que está a levar a cabo co obxectivo de que Galicia conte con centros tecnolóxicos fortes e excelentes, capaces de dar resposta ás necesidades do tecido empresarial e, en consecuencia, xerar un impacto positivo na economía galega. Neste sentido, Atiga emprega 814 persoas, un 30% máis que en 2009, e ofrece soporte científico aos sectores estratéxicos da economía galega como o mar-industria, a alimentación, o naval, a automoción, o aeronáutico, TIC, o sanitario, o turismo, o enerxético ou o químico.

Para potenciar o seu papel fomentando o traballo conxunto a prol da innovación, a Xunta ten destinado, nos últimos seis anos, máis de 80 millóns aos centros tecnolóxicos de Atiga, promovendo a transferencia de coñecemento ao mercado. Unha

aposta que está a permitir tamén incentivar a colaboración entre empresas e centros de coñecemento e a súa transferencia ao mercado, a través dos programas Conecta Pemes e Innterconecta, que mobilizan 260 millóns; ou promover unidades mixtas de investigación en que participan grandes empresas e institucións, e que mobilizan 70 millóns de euros en Galicia.

EDUCACIÓN APOIA AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS NUN PROXECTO INTEGRAL E COORDINADO DE XESTIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA

- *A Consellería achegará 300.000 euros a esta iniciativa, que é un exemplo de cooperación e que redundará nunha mellor e máis eficiente organización da produción científica*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as tres universidades do Sistema Universitario Galego (SUG) colaborarán no desenvolvemento dun proxecto integral e coordinado de xestión e información de toda a actividade relacionada coa investigación e a innovación nos nosos campus.

Logo da autorización hoxe por parte do Consello da Xunta, a Consellería e mais as universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo, asinarán proximamente un convenio segundo o cal o departamento educativo do Goberno galego achegará un total de 300.000 euros para o desenvolvemento deste proxecto entre 2015 e 2017.

A finalidade do acordo é dotar dun sistema de intercambio de información asociada a xestión da I+D+i no SUG. A Consellería considera que este tipo de información permite coñecer de forma máis exacta a verdadeira dimensión do sistema e, por tanto, resulta moi valiosa para o deseño de políticas adecuadas á realidade vixente, ao mesmo tempo que axuda á mellora na toma de decisións. Ademais, -ao estar concibido de forma integral-, permite ao persoal e aos grupos e estruturas de investigación das universidades axilizar a xestión documental da actividade investigadora das tres universidades.

A xestión da actividade de I+D+i no Sistema Universitario Galego require administrar un elevado volume de información, así como un intercambio fluído co departamento educativo da Xunta. Actualmente toda a información vinculada a proxectos de investigación e á propia xestión curricular do persoal e grupos de investigación das universidades galegas realízase de xeito autónomo por cada unha das tres universidades. Con este novo apoio por parte da Consellería búscase impulsar e mellorar a canle bidireccional de transmisión e xestión da información relacionada coa actividade investigadora. Por tanto, avánzase na colaboración interuniversitaria e na cooperación das tres universidades coa Administración autonómica, o que redundará nunha mellor e máis eficiente organización da produción científica universitaria.

Así, Cultura e Educación colaborará no financiamento do gasto deste proxecto mentres que as tres universidades poñen á disposición o seu persoal docente e investigador a dita canle de conexión e acceso á información de referencia e, deste xeito, mellorar e optimizar os procesos administrativos e estratéxicos.

Este convenio enmárcase dentro do Plan de Financiamento do SUG 2011-2015, polo que as anualidades correspondentes a 2016 e 2017 se integrarán no novo plan de financiamento en que se está a traballar coas tres universidades.

CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA MÁIS DE 58.000 EUROS A DAR CONTINUIDADE AO ENSINO DA CULTURA, LINGUA E LITERATURA GALEGA NA UNIVERSIDADE DO PAÍS VASCO

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio para renovar a colaboración con esta institución académica***

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe luz verde á renovación do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade do País Vasco para o ensino da lingua, da literatura e da cultura galegas nos seus plans de estudo. Coa achega destinada a este acordo, máis de 58.000 euros, o departamento educativo do Goberno galego continúa co proceso de revalidación das colaboracións que mantén con institucións académicas de todo o territorio español e de Europa e América co fin de promover o coñecemento da lingua propia de Galicia alén das nosas fronteiras. Non en balde case 1.400 alumnos estudan o idioma a través deses centros de estudos galegos.

Ao abeiro deste acordo a universidade do País Vasco continuará ofertando a materia de Lingua Galega nas titulacións de Tradución e Interpretación, Filoloxía, Estudos Vascos e Estudos Ingleses. Ademais, o convenio prevé a organización de actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión da lingua, da literatura e da cultura galegas, tales como cursos, conferencias, seminarios, congresos, mesas redondas, exposicións, etc., entre outras accións.

A achega económica permitirá, así mesmo, á Universidade do País Vasco a contratación dun lector ou lectora de lingua, literatura e cultura galegas que realizará o seu labor baixo a dirección do/a responsable do Centro de Estudos Galegos, en permanente coordinación e colaboración con este e como complemento práctico á súa actividade formativa. Ademais, poderase financiar a adquisición do material bibliográfico, fonográfico, videográfico, informático e infraestrutural necesario para que o profesor-lector desenvolva o seu traballo.

Outras accións en prol da difusión do galego

Ademais dos devanditos acordos para o funcionamento de centros de estudos galegos, as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, a través de convenios coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, organizan cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros que acollen, cada ano, durante o mes de xullo, máis dun cento de estudantes procedentes de diversos países de todo o mundo coa intención de adquiriren coñecementos sobre a lingua e a cultura de Galicia.

Por outra banda, xa no nivel non universitario, o galego tamén está presente nos plans de estudo de centros educativos doutras comunidades de España (Cataluña e Castela e

León), así como en centros como o Santiago Apóstol de Bos Aires ou o Instituto Español Vicente Cañada Blanch de Londres.

A XUNTA ADIANTARÁ A ESTE ANO A DEVOLUCIÓN DOUTRO 25% DA PAGA EXTRA DE 2012 AOS EMPREGADOS PÚBLICOS

- *A Administración galega prevé tramitar en setembro unha lei para efectuar esta devolución, cando teña a habilitación legal do Estado para facelo*
- *A Xunta pode afrontar esta devolución porque cumpre os dous requisitos que existe o Estado: ter dispoñibilidade orzamentaria e cumprir o déficit público*
- *Suporá a devolución media de arredor de 400 euros por empregado público e terá un custo aproximado de 50 millóns de euros*
- *A Xunta xa devolveu neste 2015 un 25% da extra, o máximo permitido polo Estado*

A Xunta de Galicia adiantará a este ano a devolución aos empregados públicos da Administración galega doutro 25% da paga extra de 2012 suprimida polo Estado, que se unirá ao 25% da paga que xa foi devolto neste exercicio. Isto será posible grazas á situación de solvencia da Comunidade Autónoma, tal como figura nun informe presentado hoxe no consello da Xunta polo conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez.

A paga extra de 2012 é unha retribución básica, competencia exclusiva do Estado, e polo tanto as comunidades autónomas non poden proceder á súa devolución se non existe unha habilitación legal do Estado. É dicir, neste momento a Xunta de Galicia non pode devolver esta paga, por exceder das competencias da Comunidade Autónoma.

Non obstante, o Goberno vén de anunciar ás comunidades autónomas -no marco da Mesa de Negociación das Administración Públicas- a súa intención de adiantar a devolución doutro 25% da extra neste 2015 e habilitar ás comunidades para que poidan facer o mesmo. En base a este anuncio, o Estado aprobará en setembro un Real Decreto Lei para proceder á devolución do 25% neste ano 2015, o que permitirá ás comunidades facer esta devolución nos mesmos termos.

No entanto, o Estado só permitirá realizar a devolución ás CCAA que cumpran dous requisitos: ter dispoñibilidade orzamentaria e cumprir o obxectivo do déficit para 2015. A solvencia de Galicia ten como consecuencia que a Xunta está en condicións de adiantar a devolución doutro 25% da paga extra a este 2015, porque ten dispoñibilidade orzamentaria e porque vai cumprir neste exercicio o obxectivo de déficit.

Para iso, a Xunta tramitará unha lei para proceder xa neste 2015 á devolución doutro 25% da paga extra de 2012. Este procedemento iniciarase no mes de setembro, é dicir, cando xa exista habilitación legal do Estado.

A devolución media será de arredor de 400 euros e a medida terá un custo aproximado de 50 millóns de euros. Máis de 100.000 empregados públicos galegos percibirán esta

devolución, incluído o persoal non activo ou que pasou a outras administracións. Tamén está incluído o persoal das universidades públicas e do ensino concertado.

A paga extra de decembro 2012 foi suprimida pola Administración do Estado no marco das medidas aprobadas polo Goberno para facer fronte á crise económica. Esta supresión realizouse a través dun real decreto lei de obrigado cumprimento para todas as administracións públicas. Con todo, a supresión acompañouse dun compromiso de devolución no momento en que as circunstancias económicas o permitisen.

Consecuencia deste compromiso, o Goberno procedeu á devolución do 25% da paga neste 2015 e a Xunta tamén fixo efectiva esta devolución neste 2015, a través dos orzamentos da Xunta para 2015 e a Lei de emprego público de Galicia. Precisamente, a Xunta xa incluíu nesta lei a creación dun fondo retributivo para a recuperación das retribucións dos empregados públicos. Este fondo irase dotando orzamentariamente cada ano e permitirá a devolución do 100% da paga extra de 2012.

MEDIO AMBIENTE CONSTRUIRÁ UNHA NOVA PONTE SOBRE O RÍO MIÑO QUE MELLORARÁ A MOBILIDADE, A SEGURIDADE VIARIA E FOMENTARÁ O TURISMO DA RIBEIRA SACRA


- *O proxecto inclúe unha senda peonil de 330 metros de lonxitude, que comunicará a nova ponte co núcleo de casas situadas augas arriba, nos Peares*
- *Trátase dunha nova infraestrutura cuxa tipoloxía estrutural estará totalmente integrada nesta zona, caracterizada por un alto valor paisaxístico*
- *A ponte terá unha lonxitude de case 200 metros (193,60), con 5 vans e un taboleiro de 6,25 metros de largo, nos cales se disporá unha calzada de 5 metros para uso compartido de peóns e vehículos*

O Consello da Xunta de Galicia foi informado esta mañá da licitación da obra para a construción dunha nova ponte sobre o río Miño, nos Peares, que mellore a mobilidade entre ambas as marxes no núcleo dos Peares. O proxecto que licitará a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a través da Axencia Galega de infraestruturas por un importe de 2,5 millóns de euros, definirá unha nova ponte que mellorará a mobilidade entre os núcleos situados á marxe dereita do río e os da esquerda e coa estrada N-120; que incluírá unha senda peonil desde a vía de titularidade nacional ata o núcleo dos Peares.

A situación elixida está condicionada pola proximidade dun paso inferior existente baixo a liña de ferrocarril Ourense-Monforte de Lemos, no contorno da estación dos Peares, que será utilizado para comunicar a ponte proxectada coa rede viaria existente na marxe dereita do Miño. Esta actuación incrementará a seguridade viaria, de vehículos e peóns, xa que grazas á senda peonil defínese un novo itinerario para resaltar a riqueza paisaxística da zona, aumentando a competitividade turística da Ribeira Sacra.

Trátase dunha nova infraestrutura cuxa tipoloxía estrutural prima a minimización da afección visual, dado o valor paisaxístico da contorna, para conseguir unha estética que encaixe no ámbito; e o uso de elementos de tamaño reducido e peso para a montaxe, debido ás condicións de acceso.

A solución seleccionada, tipo pórtico con 4 pilas con 2 células en V que enmarcarán o paso da auga do río Miño de modo habitual (salvo en enchente), reúne estes requisitos. Dende a Consellería sinalan que apostar por unha solución de maior luz obrigaría ao emprego de cantos estruturais maiores ou solucións en arco ou tensadas de maior presenza, que poden ser axeitadas nun ámbito urbano pero que non se estiman apropiadas para o medio en que se encontra esta obra. Nas seguintes imaxes pódese observar o deseño desta nova infraestrutura:



A ponte terá unha lonxitude de case 200 metros (193,60), con 5 vans e un taboleiro de 6,25 metros de largo, nos cales se disporán unha calzada de 5 metros para uso compartido de peóns e vehículos, dando prioridade ao uso peonil. De feito, o proxecto inclúe unha senda peonil de 330 m de lonxitude, que comunicará a nova ponte co núcleo de casas situadas augas arriba, nos Peares. A senda apóiase na marxe esquerda da antiga estrada nacional. Como medida de integración ambiental e paisaxística, o firme na estrutura alternará franxas de pavimento de formigón impreso con outras conformadas por lastras. Ademais, esta solución facilitará aos condutores a percepción de que se trata dun espazo con prioridade de paso para os peóns e impedirá que os vehículos alcancen velocidades importantes.

Na actualidade, a conexión entre as poboacións situadas nas dúas beiras do río Miño realízase a través de coroación da presa dos Peares, situada augas arriba da confluencia co Sil, que permite comunicar o trazado antigo da estrada N-120 (paralelo ao Miño pola marxe esquerda), coa estrada provincial LU-P-1801 que discorre pola dereita. A traza destas dúas vías atópase encaixada no cavorco do río, polo que ambas

contan cunha sección estrita e un trazado moi sinuoso. A nova infraestrutura permitirá unha mellor accesibilidade á Ribeira Sacra, zona de enorme valor ambiental e potencial turístico.

Favorecer a mobilidade

Esta nova ponte vén sumarse a outros proxectos que está a levar a cabo o Goberno galego para favorecer a mobilidade e incrementar a seguridade viaria dos veciños dos Peares.

Esta mesma semana, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas visitaba o núcleo dos Peares para anunciar o inicio de varias actuacións, como a construción dun itinerario peonil na marxe dereita da antiga N-120, ao seu paso pola vila do Mesón, en Nogueira de Ramuín; a ampliación do acceso viario ao camposanto de Casdevil; a construción dun aparcadoiro e dun miradoiro na zona do centro de saúde, no concello da Peroxa; e o acondicionamento dunha marxe da estrada da N-120 e a protección peonil na outra marxe, no Torrón, no municipio de Pantón. O importe global destas actuacións é de 60.000 euros.